Lugo, 25/9/88

Sr. Dn. Manuel Blanco Castro
Barcelona.

Querido amigo: Perdoa que non che escribira antes. Ando sempre con algo que facer. Atender a casa e axudar, escribindo colaboracións pra A Voz de Galicia a El Progreso, facendo viaxes de compromiso. Non me queda tempo a nada.

É verdade que Enrique de Arce é de Ourense.

Na Voz de Galicia publiquei unha semblanza de Manuel de Rivas Rioja. Antonte déronme algúns exemplares de "Viaxes con Anxel Fole". Penso que quedan ben e a portada é chamativa. Vaise a presentar no Concello de Lugo polo San Froilán. Tamén conto que se presente en Barcelona en "O Penedo" pois así mo dixeron e penso falar con Xesús de Remanet. Xa te informarei.

Adxúntoche artigos que, supoño, xa terás.

Saúdos á familia e ti recibe o aprecio de

[signature]